



## Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL  
Expte. 215/1102

### ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 5 DE OUTUBRO DE 2017.

- 1.- Ratificación da urxencia.

#### BENESTAR SOCIAL

- 2.- Proposta de concesión de AMES (axudas municipais de libros, material escolar e comedor para alumnos/as de centros docentes públicos e privados concertados de E. Infantil (2ª etapa), E. Primaria e Secundaria). Expte. 138777/301.

#### CONTRATACIÓN

- 3.- Requirimento a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., para o sinalamento do modo de xestión da concesión para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos nas rúas R. de Castro, J. de la Fuente e Av. Castelao, no caso de liquidación de "Cocheras Olivícas de Puentes, S.A.U. Expte. 636/449.
- 4.- Recurso especial en relación co procedemento aberto dos servizos de colaboración para a recadación en período executivo das concellerías de Mobilidade e Seguridade e multas e liquidación de taxas por retirada e custodia de vehículos no depósito municipal. Expte. 16863/541.
- 5.- Proposta de desestimación de solicitude de reequilibrio económico do contrato do servizo sanitario asistencial a persoas con problemas derivados do consumo de drogas. Expte. 138882/301.
- 6.- Resposta a dúbidas e preguntas de posibles licitadores no expediente de contratación do servizo de recollida, transporte e xestión de residuos domésticos e ás alegacións presentadas polo Comité de Empresa de FCC. Expte. 6619/252.
- 7.- Resposta a dúbidas e preguntas de posibles licitadores no expediente de contratación da redacción do proxecto do pavillón polideportivo, parcelas 28-29 do Plan Parcial Quirós. Expte 4639/440.

#### DEPORTES

- 8.- Proposta de autorización para a organización da 3ª Edición do "Desafío Boot Camp Race" o vindeiro 8 de outubro de 2017. Expte. 16241/333.

#### MEDIO AMBIENTE

- 9.- Proposta desestimatoria de reclamación administrativa previa á vía xudicial laboral, interposta polo empregado municipal con NP 83.292 contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/06/17, no que se resolvía o procedemento disciplinario con expte. num. 7723/612.

#### MONTES, PARQUES E XARDÍNS

- 10.- Proposta estimatoria parcial do recurso de reposición interposto por Centro Comercial Plaza Elíptica S.L. contra acordo da X. Goberno local de aprobación do Proxecto para a instalación dun parque infantil en dita plaza. Expte. 9209/446.

#### RECURSOS HUMANOS

- 11.- Nomeamento como funcionarios de carreira de dous administrativos por promoción interna, con cargo a vacantes, OEP 2013. Expte. 30708/220.

#### SERVIZOS XERAIS

- 12.- Proposta de aprobación do proxecto de implantación das políticas de desenvolvemento urbano sustentable (Vigo Vertical) na rúa J.Ramón Jiménez entre Torrecedeira e Pi i Margall. Expte. 3216/443.
- 13.- Proxecto básico e de execución das obras de "Humanización da rúa Purificación Saavedra. Fase I", entre as rúas S. Badía e Enrique Lorenzo. Expte. 3501/443.

#### VIAS E OBRAS

- 14.- Revisión de prezos do contrato de "subministro de misturas bituminosas e emulsións asfálticas" para os períodos 24/10/15 ata 23/10/16 e 24/10/16 ata 23/10/17. Expte. 68814/250.

### **DECRETO DE CONVOCATORIA**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión extraordinaria e urxente na súa Sala o día **5 de outubro de 2017, ao remate da sesión ordinaria convocada para a mesma data**, en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.



## **Concello de Vigo**

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

Expte. 215/1102

Notifíquese aos Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e aos demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE. Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

CCA/me-rs.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez.

O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez